



**As nosas postais
no Calendario Municipal
2024**



**“Fotografiar es apropiarse de lo fotografiado”
Susan Sontag**



**Documento do mes
Xaneiro
2024**



ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA



[Xaneiro: Linares Rivas no 1939, por Blanco.](#)

Documento gráfico tomado por Ángel Blanco Villar, o fundador de Foto Blanco, seguramente no 1939. O “Chalé de Torrado” destaca no punto de fuga, na “subida de Garás”, no alto de Linares Rivas. É un palacete rodeado dun xardín enreixado, construído polo comerciante Santiago Torrado no 1900. Derrúbase para edificar as casas racionalistas de Ramón da Sagra números 1-7, proxecto do arquitecto de Rafael González Villar do anos 1939-41. En fronte, acababa de edificarse a esquina de Linares Rivas con outra arquitectura racionalista, obra de Antonio Tenreiro, do 1937. Finalmente, o despregamento de bandeiras indica a recentemente terminada Guerra Civil.

[Febreiro: Alto dos muíños de Santa Margarita e canteira \(ca. 1934\).](#)

O único vestixio dos muíños de vento da Coruña é o do Monte de Santa Margarita. O máis antigo era o da Cidade Alta, do 1525 e o último o da Gramela, do 1855. Os de Santa Margarita, do século XVIII, relaciónanse cun complexo panificador que abastecía aos Correos Marítimos con América. Sobre a cuberta do muíño ondea unha bandeira escura. Os vehículos aparcados son dos anos 30. Non hai nin rastro dos “camións militares Mercedes alemáns” que emitían sinais de radio desde a Guerra Civil. A parte inferior do monte era unha canteira. Ao fondo, destacan de esquerda a dereita, o Palacio de Xustiza (1929), o Banco Pastor (1925), o Palacio de Correos (1934) e o Club Náutico (1929).

[Marzo: Juana de Vega desde a Praza de Mina \(ca.1920\), por Sellier.](#)

A finais do século XIX, ao crecer a cidade faise necesario demoler a muralla do século anterior que a limitaba, para urbanizar o Campo de Carballo e as Hortas de Garás. Pechaba o barrio da Peixaría, cunha alameda que discorria en paralelo, desde a Coraza do Orzán ata o porto. Por tanto a rúa dedicada á Juana de Vega discorre entre a Praza dedicada ao seu marido, Espoz e Mina e a Praza de Pontevedra. Nos anos 20, na perspectiva desta primeira avenida do Ensanche coruñés, destaca a icónica agulla da torre da Igrexa dos Xesuítas, encargada a Leoncio Bescansa no 1916, no estilo neogótico imperante. Está emparentada coa das Escolas Labaca. O icónico templo chega a ser unha das arquitecturas da alma máis significativas da cidade, aínda que desafortunada. Edificado no ano 1890, derrúbase apenas un século despois. Máis desventurada aínda é a torre, demolida no 1969 por graves problemas de estabilización.

[Abril: O Cruceiro Galicia arriba ao porto no 1946, por Cancelo.](#)

O trazado urbano do porto define a morfoloxía da Coruña. Desde mediados do século XIX, co despegamento económico, a cidade desbórdase e a imaxe de identidade da fachada marítima modifícase coa ordenación do caótico litoral. O Proxecto do enxeñeiro Uribe do 1860 enche a rivera oriental da Peixaría, desde o Baluarte do Parrote (primeira muralla, de La Solana) ata a Betería do Salvas (segundo amurallamiento, na Praza de Mina). Na obra empregan restos das murallas e terras do desmonte de Riazor. A partir do 1890, Eduardo Vila prosegue enchendo o contorno, definindo a cuncha cos novos peiraos de Batería, Linares Rivas, Santa Lucía e A Palloza. E é o artífice da emblemática Dársena da mariña. Na imaxe apréciase o resultado do recheo no Peirao de Mendez Núñez, 3000 m² ganados ao mar da ría que constitúen a mutación urbanística máis importante do corazón da cidade.

[Maio: Cantón de Lacy \(pequeno\) e Cantón de Porlier \(grande\) no 1946, por Cancelo.](#)

No ano 1820, A Coruña xunto con Cádiz é o baluarte do progresismo liberal e precursora da memorialización de heroes como Porlier e Lacy. A sociedade politízase e as rúas son unha escola de civismo. Créanse dos mitos do ideario progresista, un panteón simbólico. Así, durante a maior parte do século XIX, as principais arterias conságranse aos novos ídolos, heroes doceañistas, veinteañistas, mártires ou exiliados. Iconas dos valores do século, que tras a Restauración, a II República recupera. O paseo iniciábase na Rúa Acevedo (Real), seguía polo Cantón de Porlier (grande), o de Lacy (pequeno), chegaba á praza de Mina para terminar na rúa dedicada á súa esposa, a carismática Juana de Vega, activista política e social. En primeiro plano circula polo Cantón de Lacy o tranvía da liña 1, que nos anos 30 comunica Porta Real coa estación de ferrocarril e Monelos. Aínda que a postal conta cunha inscrición a lapis no reverso que a data en 1946 quizá é un erro, pois todo indica a década anterior.

[Xuño: Praia do Parrote \(ca.1918\), por Sellier.](#)

A imaxe de identidade da nosa fachada marítima é en realidade un horizonte artificial recreado no século XIX, resultado do plan urbanístico e a ordenación do litoral. Derríbase o Baluarte do Parrote, enchen a rivera oriental da Peixaría, constrúese Dársena da Mariña e proxectan a Praza de María Pita. O perfil da Mariña data a imaxe. É posterior á edificación da Casa Molina de González Villar (1915). Pedro Mariño rematara as vistosas cúpulas do Palacio Municipal de María Pita. É anterior á construción do Dente de Ouro, de Leoncio Bescansa (1926), xa que destaca, entre as galerías, o seu solar baldío. O autor é o famoso fotógrafo e cineasta de orixe francesa José Sellier Loup, o primeiro en rodar cinema en España, que falece en 1922. A vista da Dársena a toma desde o varadero do Parrote, que durante décadas é dos máis utilizados para reparar embarcacións como o tradicional galeón galego.

[Xullo: Praia de Riazor \(ca. 1920\).](#)

O turismo urbano coruñés esperta cos balnearios marítimos como o da imaxe, que constitúen o foco de atracción de veciños e forasteiros na tempada estival. No século XIX, a invención inglesa do baño de mar terapéutico, estendida por toda Europa, de Biarritz ata San Sebastián, chega a Coruña. No felices vinte, as estacións marítimas decimonónicas viven o seu canto do cisne. Coa Crise do 1929, a Guerra e a posguerra, veranse substituídas por un modelo de explotación dos areais máis aberto e masivo, que considera a contorna costeira como área de expansión residencial e de explotación turística. Ese xiro estratéxico vén da man do proxecto de Ciudad Xardín de Rodríguez-Losada, outra moda de orixe británica. No 1922 constrúense os primeiros chalés, como vemos na nosa postal centenaria.

Na imaxe percíbese o tecido urbano coruñés no seu avance de esquerda a dereita. O seguinte adiante no contorno de Riazor será xa na posguerra. Entre tanto, nos anos vinte e trinta, o campo no que se disputan os partidos de fútbol é o Parque de Riazor. Ata que, no 1944, inaugúrase o descomunal Stadium, precedido dunha inconfundible columnata, o “Pórtico de Olimpia”. E ante as últimas rocas, o perfil costeiro remátase, no 1949, con outro edificio emblemático, o Colexio das Escravas.

[Agosto: Praia de Riazor nos anos 30, por Roisin.](#)

A primeira casa de baños coruñesa instálase no Parrote no 1837. Con todo, desde o ano 1850, a cidade se deborda cara á outra baía, ao areal de Riazor, entón nos arrabaldes. E alí, no eixo Orzán-Rubine-Riazor concentrárase a vangarda daquela Coruña balnearia, desde o último cuarto do século ata vésperas da guerra Civil. Destacan dous establecementos particulares, A Saúde (Rubine 23) e A Primitiva (Rubine 47), que compiten co balneario da Beneficencia municipal, que é precisamente a efémera arquitectura do lecer ante a que se concentran as xentes da foto. No 1922, o vello balneario municipal coñecido popularmente como “Chalé de Riazor”, de estilo ecléctico, obra de Juan de Ciórraga, é demolido. E ocupa o seu lugar o pavillón modernista, frívolo e pintoresco, que protagoniza a nosa extraordinaria perspectiva. Firma a foto o parisiense Lucien Roisin, un dos grandes nomes da tarxeta postal dos anos 20-30.

[Setembro: Avenida da Mariña nos anos 30, por Roisin.](#)

Ícónica vista das galerías da Avenida da Mariña tomada tamén por Roisin, pioneiro na edición de postais de escenas urbanas de alto valor documental. Así é que nas súas extraordinarias perspectivas visuais, á vez que o naturalismo, gustáballe engadir un toque de costumismo nas escenas das rúas. Catro edificios emblemáticos permiten datar a postal. No extremo de Porta Real levántase o Edificio dos Tobía, antiga sede da Voz de Galicia, que se derruba no 1969. Ao seu lado destaca a Casa Molina, do 1915, asinada por Rafael González Villar, cunha mestura de estilos ecléctico e modernista. No centro da imaxe, o modernista “Dente de ouro”, deseñado polo arquitecto Leoncio Bescansa en 1926, que coa súa singularidade rompe a harmonía das brillantes galerías coruñesas. Xusto detrás do carro de bois, pódese apreciar a Casa de Sanidade Exterior, obra de Pan de Soraluce do 1927.

[Outubro: Rúa San Andrés nos anos 30, por Alsina.](#)

A rúa San Andrés, con máis de 700 m. de lonxitude, na zona máis estreita da península pode considerarse unha das claves do urbanismo coruñés. En orixe trátase dunha aldea lineal de mariñeiros que de camiño pasa a rúa-mercado da urbanística medieval. No século XIV expándese a cidade Alta (Cidade Vella) cara a este barrio, entre murallas, chamado Peixaría, habitado por pescadores, mercadores e soldados. É o que máis sofre o ataque de Drake no 1589. Pero, ao tempo, por San Andrés chega a modernidade. No século XIX sofre a súa gran transformación e nas parcelas estreitas e profundas das casas populares sucédense as características galerías. Algunhas delas iconas do modernismo. Tras a pandemia provocada pola gripe do 1918, a cidade vive un ciclo de prosperidade que dura ata a Gran Depresión do 1929. A innovación técnica marca a época, coa chegada progresiva do automóbil e a consolidación do tranvía. O da liña 4, no centro da perspectiva urbana, nos anos 30 comunica San Amaro coa estación de ferrocarril e Monelos. Alcanza unha velocidade máxima de 20 km. por hora, por iso os transeúntes circulan tranquilamente pola calzada. Tamén comeza entón a popularizarse o uso do teléfono. Precisamente, en primeiro plano, a construción tras o valo, á dereita, permítenos datar a postal con toda precisión. É a estrutura de formigón do monumental edificio da Compañía Telefónica da Coruña, proxectado e construído entre os anos 1928 e 1930. E xusto no 2024, Telefónica cumpre cen anos.

[Novembro: La Solana, Capitanía Xeral, portas do Ángel e San Miguel, Praia do Parrote, no 1945.](#)

No 1928, tras a derriba do ruinoso Cárcere do Parrote, que estaba unida ao monumental edificio da Audicencia e Capitanía, eses terreos gañados ao mar, convértese no obxecto do desexo. A guerra, a posguerra e o desenvolvemento deixarán atrás a vella Coruña. Aquela desaparecida Praia do Parrote, despregada aos pés do Xardín de San Carlos, estendíase desde Capitanía, entre a Porta do Ángel ou do Parrote e a de San Miguel, hoxe denominada do Cravo. Na posguerra, no 1942, inaugúrase no solar do vello cárcere, o complexo de La Solana, cunha gran piscina e sala de festas. No 1948 abre as súas portas o Hotel Finisterre. E en pleno desenvolvemento, no 1968, o antigo areal queda finalmente sepulto baixo toneladas de formigón.

[Decembro: Vista panorámica de Cidade Xardín desde o Observatorio nos anos 30, por Roisin.](#)

Esta perspectiva visual da península é extraordinaria pola gran profundidade que alcanza a visión do tecido urbano captado por Roisin. O colosalismo do paisaxe urbana desexa mostrar os novos canons de monumentalidade. Ao ollo do fotógrafo cativale o mundo moderno baixo o influxo da vangarda. En efecto, hai un século, no 1921 Rodríguez-Losada asina o plano da vangardista Cidade Xardín, xunto co proxecto de reforma do Balneario de Riazor e da zona do ensanche contigua. É unha iniciativa ligada ás elites coruñesas. Un modelo de cidade balneario, en torno ao areal de Riazor, pioneiro en Galicia. Pretendíase que fose unha cidade completa, con usos residenciais, centros de traballo, educativos, deportivos e zonas verdes. Pero a regresión económica dos anos trinta paraliza as obras. A finais da década había máis de 40 chalés edificados, xunto con dous centros de ensino e o Observatorio Meteorolóxico. O encarecemento dos terreos nos anos corenta forza o desenvolvemento da Cidade Escolar fose do anel previsto.

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro. Documentos (Colección Manuel Puga Pequeño) : F 8-5-70, F 8-5-82, F 8-5-85, F 8-5-90, F 8-5-91, F 8-5-92, F 8-5-102, F 8-5-167, F 8-5-205, F 8-5-206, F 8-5-243, F 8-5-245.



Nuestras postales en el Calendario Municipal 2024



“Fotografiar es apropiarse de lo fotografiado”
Susan Sontag



Documento del mes
Enero
2024




ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA



Enero: Linares Rivas en 1939, por Blanco.

Documento gráfico tomado por Ángel Blanco Villar, el fundador de Foto Blanco, seguramente en 1939. El “Chalé de Torrado” destaca en el punto de fuga, en la “subida de Garás”, en lo alto de Linares Rivas. Es un palacete rodeado de un jardín enrejado, construido por el comerciante Santiago Torrado en 1900. Se derriba para edificar las casas racionalistas de Ramón de la Sagra números 1-7, proyecto del arquitecto de Rafael González Villar de 1939-41. Enfrente, acababa de edificarse la esquina de Linares Rivas con otra arquitectura racionalista, obra de Antonio Tenreiro, de 1937. Finalmente, el despliegue de banderas indica la recién terminada Guerra Civil.

Febrero: Alto de los muñeos de Santa Margarita y cantera (ca. 1934).

El único vestigio de los molinos de viento de A Coruña es el del Monte de Santa Margarita. El más antiguo era el de la Ciudad Alta, de 1525 y el último el de la Gramela, de 1855. Los de Santa Margarita, del siglo XVIII, se relacionan con un complejo panificador que abastecía a los Correos Marítimos con América. Sobre la cubierta del molino ondea una bandera oscura. Los vehículos aparcados son de los años 30. No hay ni rastro de los “camiones militares Mercedes alemanes” que emitían señales de radio desde la Guerra Civil. La parte inferior del monte era una cantera. Al fondo, destacan de izquierda a derecha, el Palacio de Justicia (1929), el Banco Pastor (1925), el Palacio de Correos (1934) y el Club Náutico (1929).

Marzo: Juana de Vega desde la Plaza de Mina (ca.1920). por Sellier.

A finales del siglo XIX, al crecer la ciudad se hace necesario demoler la muralla del siglo anterior que la limitaba, para urbanizar el Campo de Carballo y las Huertas de Garás. Cerraba el barrio de la Pescadería, con una alameda que discurría en paralelo, desde la Coraza del Orzán hasta el puerto. Por tanto la calle dedicada a Juana de Vega discurre entre la Plaza dedicada a su marido, Espoz y Mina y la Plaza de Pontevedra. En los años 20, en la perspectiva de esta primera avenida del Ensanche coruñés, destaca la icónica aguja de la torre de la Iglesia de los Jesuitas, encargada a Leoncio Bescansa, en 1916, en el estilo neogótico imperante. Está emparentada con la de las Escuelas Labaca. El icónico templo llega a ser una de las arquitecturas del alma más significativas de la ciudad, aunque desafortunada. Edificado en 1890, se derriba apenas un siglo después. Más desventurada aún es la torre, demolida en 1969 por graves problemas de estabilización.

Abril: El Crucero Galicia arriba al puerto en 1946, por Cancelo.

El trazado urbano del puerto define la morfología de A Coruña. Desde mediados del siglo XIX, con el despegue económico, la ciudad se desborda y la imagen de identidad de la fachada marítima se modifica con la ordenación del caótico litoral. El Proyecto del ingeniero Uribe de 1860 rellena la rivera oriental de la Pescadería, desde el Baluarte del Parrote (primera muralla, de La Solana) hasta la Betería del Salvás (segundo amurallamiento, en la Plaza de Mina). En la obra emplean restos de las murallas y tierras del desmonte de Riazor. A partir de 1890, Eduardo Vila prosigue rellenando el contorno, definiendo la concha con los nuevos muelles de Batería, Linares Rivas, Santa Lucía y La Palloza. Y es el artífice de la emblemática Dársena de La Marina. En la imagen se aprecia el resultado del relleno en el Muelle de Mendez Núñez, 3000 m² ganados al mar de la ría que constituyen la mutación urbanística más importante del corazón de la ciudad.

Mayo: Cantón de Lacy (pequeño) y Cantón de Porlier (grande) en 1946, por Cancelo.

En 1820, A Coruña junto con Cádiz es el baluarte del progresismo liberal y precursora de la memorialización de héroes como Porlier y Lacy. La sociedad se politiza y las calles son una escuela de civismo. Se crean de los mitos del ideario progresista, un panteón simbólico. Así, durante la mayor parte del siglo XIX, las principales arterias se consagran a los nuevos ídolos, héroes doceañistas, veinteañistas, mártires o exiliados. Iconos de los valores del siglo, que tras la Restauración, la II República recupera. El paseo se iniciaba en la Calle Acevedo (Real), seguía por el Cantón de Porlier (grande), el de Lacy (pequeño), llegaba a la plaza de Mina para terminar en la calle dedicada a su esposa, la carismática Juana de Vega, activista política y social. En primer plano circula por el Cantón de Lacy el tranvía de la línea 1, que en los años 30 comunica Puerta Real con la estación de ferrocarril y Monelos. Aunque la postal cuenta con una inscripción a lápiz en el reverso que la data en 1946 quizá es un error, pues todo indica la década anterior.

Junio: Playa del Parrote (ca.1918). por Sellier.

La imagen de identidad de nuestra fachada marítima es en realidad un horizonte artificial recreado en siglo XIX, resultado del planeamiento urbanístico y la ordenación del litoral. Se derriba el Baluarte del Parrote, rellenan la rivera oriental de la Pescadería, se construye Dársena de La Marina y proyectan la Plaza de María Pita. El perfil de la Marina data la imagen. Es posterior a la edificación de la Casa Molina de González Villar (1915). Pedro Mariño había rematado las vistosas cúpulas del Palacio Municipal de María Pita. Es anterior a la construcción del Diente de Oro, de Leoncio Bescansa (1926), ya que destaca, entre las galerías, su solar baldío. El autor es el famoso fotógrafo y cineasta de origen francés José Sellier Loup, el primero en rodar cine en España, que fallece en 1922. La vista de la Dársena la toma desde el varadero del Parrote, que durante décadas es de los más utilizados para reparar embarcaciones como el tradicional galeón gallego.

Julio: Playa de Riazor (ca. 1920).

El turismo urbano coruñés despierta con los balnearios marítimos como el de la imagen, que constituyen el foco de atracción de vecinos y forasteros en la temporada estival. En el siglo XIX, la invención inglesa del baño de mar terapéutico, extendida por toda Europa, de Biarritz hasta San Sebastián, llega a Coruña. En los felices veinte, las estaciones marítimas decimonónicas viven su canto del cisne. Con la Crisis de 1929, la Guerra y la posguerra, se verán sustituidas por un modelo de explotación de los arenales más abierto y masivo, que considera el entorno costero como área de expansión residencial y turística. Ese giro estratégico viene de la mano del proyecto de Ciudad Jardín de Rodríguez-Losada, otra moda de origen británico. En 1922 se construyen los primeros chalets, como vemos en nuestra postal centenaria.

En la imagen se percibe el tejido urbano coruñés en su avance de izquierda a derecha. El siguiente adelanto en el contorno de Riazor será ya en la posguerra. Entre tanto, en los años veinte y treinta, el campo en el que se disputan los partidos de fútbol es el Parque de Riazor. Hasta que, en 1944, se inaugura el descomunal Stadium, precedido de una inconfundible columnata, el “Pórtico de Olimpia”. Y, ante las últimas rocas, el perfil costero se remata, en 1949, con otro edificio emblemático, el Colegio de las Esclavas.

Agosto: Playa de Riazor en los años 30, por Roisin.

La primera casa de baños coruñesa se instala en el Parrote, en 1837. No obstante, desde 1850, la ciudad se desborda hacia la otra bahía, al arenal de Riazor, entonces en los arrabales. Y allí, en el eje Orzán-Rubine-Riazor se concentrará la vanguardia de aquella Coruña balnearia, desde el último cuarto del siglo hasta vísperas de la guerra Civil. Destacan dos establecimientos particulares, La Salud (Rubine 23) y La Primitiva (Rubine 47), que compiten con el balneario de la Beneficencia municipal, que es precisamente la efímera arquitectura del ocio ante la que se concentran las gentes de la foto. En 1922, el viejo balneario municipal conocido popularmente como “Chalé de Riazor”, de estilo ecléctico, obra de Juan de Círraga, es demolido. Y ocupa su lugar el pabellón modernista, frívolo y pintoresco, que protagoniza nuestra extraordinaria perspectiva. Firma la foto el parisino Lucien Roisin, uno de los grandes nombres de la tarjeta postal de los años 20-30.

Septiembre: Avenida de la Marina en los años 30, por Roisin.

Ícónica vista de las galerías de la Avenida de la Marina tomada también por Roisin, pionero en la edición de postales de escenas urbanas de alto valor documental. Así es que en sus extraordinarias perspectivas visuales, a la par que el naturalismo, le gustaba añadir un toque de costumbrismo en las escenas de las calles. Cuatro edificios emblemáticos permiten datar la postal. En el extremo de Puerta Real se levanta el Edificio de los Tobías, antigua sede de la Voz de Galicia, que se derriba en 1969. A su lado destaca la Casa Molina, de 1915, firmada por Rafael González Villar, con una mezcla de estilos ecléctico y modernista. En el centro de la imagen, el modernista “Diente de oro”, diseñado por el arquitecto Leoncio Bescansa en 1926, que con su singularidad rompe la armonía de las brillantes galerías coruñesas. Justo detrás del carro de bueyes, se puede apreciar la Casilla de Sanidad Exterior, obra de Pan de Soraluce de 1927.

Octubre: Rúa San Andrés en los años 30, por Alsina.

La calle San Andrés, con más de 700 m. de longitud, en la zona más estrecha de la península puede considerarse una de las claves del urbanismo coruñés. En origen se trata de una aldea lineal de marineros que de camino pasa a calle-mercado de la urbanística medieval. En el siglo XIV se expande la ciudad Alta (Ciudad Vieja) hacia este barrio, entre murallas, llamado Pescadería, habitado por pescadores, mercaderes y soldados. Es el que más sufre el ataque de Drake en 1589. Pero, al tiempo, por San Andrés llega la modernidad. En el siglo XIX sufre su gran transformación y en las parcelas estrechas y profundas de las casas populares se suceden las características galerías. Algunas de ellas iconos del modernismo. Tras la pandemia provocada por la gripe de 1918, la ciudad vive un ciclo de prosperidad que dura hasta la Gran Depresión de 1929. La innovación técnica marca la época, con la llegada progresiva del automóvil y la consolidación del tranvía. El de la línea 4, en el centro de la perspectiva urbana, en los años 30 comunica San Amaro con la estación de ferrocarril y Monelos. Alcanza una velocidad máxima de 20 km. por hora, por eso los transeúntes circulan tranquilamente por la calzada. También comienza entonces a popularizarse el uso del teléfono. Precisamente, en primer plano, la construcción tras la valla, a la derecha, nos permite datar la postal con toda precisión. Es la estructura de hormigón del monumental edificio de la Compañía Telefónica de A Coruña, proyectado y construido entre 1928 y 1930. Y justo en 2024, Telefónica cumple cien años.

Noviembre: La Solana, Capitanía General, puertas del Ángel y San Miguel. Playa del Parrote, en 1945.

En 1928, tras el derribo de la ruinoso Cárcel del Parrote, que estaba unida al monumental edificio de la Audicencia y Capitanía, esos terrenos ganados al mar, se convierten en el objeto del deseo. La guerra, la posguerra y el desarrollismo dejarán atrás la vieja Coruña. Aquella desaparecida Playa del Parrote, desplegada a los pies del Jardín de San Carlos, se extendía entonces desde Capitanía, entre la Puerta del Ángel o del Parrote y la de San Miguel, hoy denominada del Clavo. En la posguerra, en 1942, se inaugura en el solar de la vieja cárcel, el complejo de La Solana, con una gran piscina y sala de fiestas. En 1948 abre sus puertas el Hotel Finisterre. Y en pleno desarrollismo, en 1968, el antiguo arenal queda finalmente sepultado bajo toneladas de hormigón.

Diciembre: Vista panorámica de Ciudad jardín desde el Observatorio en los años 30, por Roisin.

Esta perspectiva visual de la península es extraordinaria por la gran profundidad que alcanza la visión del tejido urbano captado por Roisin. El colosalismo del paisaje urbanos desea mostrar los nuevos cánones de monumentalidad. Al ojo del fotógrafo le cautiva el mundo moderno bajo el influjo de la vanguardia. En efecto, hace un siglo, en 1921 Rodríguez-Losada firma el plano de la vanguardista Ciudad Jardín, junto con el proyecto de reforma del Balneario de Riazor y de la zona del ensanche contigua. Es una iniciativa ligada a las élites coruñesas. Un modelo de ciudad balneario, en torno al arenal de Riazor, pionero en Galicia. Se pretendía que fuera una ciudad completa, con usos residenciales, centros de trabajo, educativos, deportivos y zonas verdes. Pero la regresión económica de los años treinta paraliza las obras. A finales de la década había más de 40 chalets edificados, junto con dos centros de enseñanza y el Observatorio Meteorológico. El encarecimiento de los terrenos en los años cuarenta fuerza el desarrollo de la Ciudad Escolar fuera del anillo previsto.